

# O ILG desminte que queira colonizar ou interferir na RAG

O Instituto da Lingua Galega (ILG) **desmentiu este xoves "categoricamente" a través dun comunicado** as acusacións realizadas polo secretario da Real Academia Galega, Xosé Luís Axeitos, nas que denunciaba un intento de colonización ou interferencia no labor da Academia por parte do organismo. Uniuse así ao Consello da Cultura Galega, que negara tamén as mesmas acusacións.

Así, o Consello Científico do ILG aclara no escrito que **a participación de varios dos seus membros na RAG, algo do que se sente "particularmente honrado", realízase "a título persoal** e en ningún caso representando individual ou colectivamente ao Instituto da Lingua Galega".

Ademais, lembrou que no seu día o ILG xa se manifestou publicamente en contra do decreto do plurilingüismo, facendo súa "en todos os seus aspectos a análise realizada pola Real Academia Galega". Por iso, aclara que con esta adhesión buscaba "subliñar a súa lealdade e compromiso" con esta

institución, dado que pola súa condición de Instituto universitario "carece de personalidade xurídica propia e non pode acudir aos tribunais".

"Tampouco neste terreo o ILG mudou a súa posición nin, por suposto, promoveu ningún tipo de acción para orientar ou condicionar as decisións da RAG", asegura. Así, **fai un chamamento a "colaborar lealmente" a todas as institucións encargadas do estudo, a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas**, colocando "sempre por riba o servizo ao país".